

Os xoves de Rosiña

Os xoves saía antes da oficina. Lembro que collía o abrigo a toda présa para chegar antes da cea e poder vela antes de que pechasen a hora de visitas. Ó chegar eu saudábaa con emoción contida, adicándolle o meu mellor sorriso.

- Boas tardes, Rosiña. Como che vai?

Ela percorría coa súa ollada todo o meu corpo, intentando atopar o reflexo dunha lembranza e contestaba moi baixiño sen apartar a mirada.

-E ti quen es?

A miña resposta era sempre a mesma, trátabase case dun fabuloso ritual entre nosoutras, eu coa retransca que ela me aprendera, respondíalle.

-Non sei, avoa, cada día intento averígualo.

De súpeto, unha faz de luz enchía a estancia, Rosiña mirábame cómplice e sorría, e a min enchíame de gozo porque, aínda que fosen segundos, eu sabía que me recoñecía.

Ela xa non está, pero sei que mentres eu viva os xoves sempre serán de Rosiña.